

XIV EDICION

LEMBRANZA DUN BO, AMIGO VÍCTOR LÓPEZ VILLARABID

Nesta presentación da XIV edición das obras gañadoras do Certame, na honra do noso poeta Manuel O.Rodríguez López. Creo que é a miña obriga facer unha mención especial o noso amigo Víctor López Villarabid, con motivo do seu pasamento o dezanove de setembro, D.E.P.

Víctor: amigo de Manolo e de todo aquilo que tivera que ver coa súa obra, en vida e logo foi durante os vinte últimos anos, un apoio constante a memoria de Manuel Orestes Rodríguez López.

Unha parella de personaxes moi similares, ambos autodidactas, periodistas, e con un nexo común de esforzados traballadores, vinculados o bo facer cultural da nosa terra, Paradela Comarca de Sarria, Provincia, Camiño de Santiago, Galicia, Emigración.

Tamén tiñan en común as maneiras de conducirse pola vida, sempre espertos o que puidese acontecer, así, ían provistos de caderno, bolígrafo e cámara de fotos, non se lles escapaba nada que fora de importancia. Ben fora noticia, personaxe singular, ou referente histórico-patrimonial. Foron xornadas compartidas, foron encontros moi frutíferos e singulares, en traballo, esforzo e vontade de espertar as ansias adormentadas de quen tivera a responsabilidade de poñer en valor o que eles producían ou descubrían.

Rematando o verán, déixenos Víctor L.Villarabid, non no lo esperabamos pero el tan áxil, como sempre e fiel o seu traballo silente. Tamén neste paso o quixo facer sen ruído; deixounos traballando, falando dos proxectos e dando ideas e consellos cara o ano santo 2010; coma sempre vivo e esperto, cheo de ánimo e vontade de servir a nosa Terra.

Teño para min que somos moitos os “deudos” do finado Víctor, desde os Concellos do Camiño de Santiago, a Comarca, Lugo, o “Progreso” e hasta propia Xunta de Galicia por tantas e tantas colaboracións que deixa feitas en prol das nosas xentes e da nosa terra Galega. Desde aquí Concello de Paradela ofrecemos a colaboración precisa a familia e amigos de Víctor, para agromar a súa obra en favor das xeracións vindeiras e manter a memoria. De quen non tiña medo as dificultades e sempre se soubo conducir polo camiño do compromiso cos seus principios.

Encontro no Ceo dos Galegos:

Si e verdade que Víctor xa acadou ese encontro, e tamén estou ven seguro que a súa chegada se notou. O encontro con *San Pedro*, foi do tenor seguinte: “ben aquí estou, cando podo ver a miña familia, os meus amigos,... a tantos que atropeladamente, lle foi nomeando, entre outros a seus país Pedro e Esperanza, a Frei- José, D.Puro Cora, D.Martín Balboa, Suso da

Barrela, Fiz Vergara, D.Pedro de la Portilla, Antonio Peña, Trubuco, Alonso (o Periodista) e Manuel O.Rodríguez López o poeta de Paradela...”

San Pedro, dille “para o”, aquí o tempo no che corre tanto como cando tiñas que preparar as noticias para o Progreso e envialas pola Empresa Monforte, entregándollas o revisor Isaac.

Que estou seguro que tamén queres ver pronto. Aquí non hai estres así que Víctor, acouga e como ben sei das túas inquedanzas, e da túa pertenza a Orde dos Cabaleiros de Santiago, vai a ser Santiago que te poña en contacto ca túa xente.

Dille Pedro a Santiago: aquí chega o Villarabid que ven cheo de ansias e novas, e se non o freas un pouco hache de poñer en revolución o Ceo Dos Galegos.

Gracias Pedro; respóndelle Santiago:

Pero o Víctor, trae os deberes feitos, agora tócalle velar e orientar os que deixa abaixo. E xa estamos a organizar esa entrada triunfal, que ben se merece, no Ceo dos Galegos.

Disfrutará dos encontros que demanda. Ademais de verse no gozo da Fe e Esperanza que acreditou durante a súa estadía Terreal.

Grazas, Víctor, pola túa sinxela amizade os teos acertados consellos. Os apoios e esforzos na túa e colaboración desinteresada, durante tantos anos. Sempre te lembraremos.

Paradela, novembro 2009

José M.Mato.